Destinadas a persoas tituladas en **ciclos superiores de FP**

BOLSAS EUROPA FP-
PROXECTO ACOREUROPA XI

11 BOLSAS

Para realizar **prácticas formativas durante tres meses** en empresas de **AUSTRIA, REPÚBLICA CHECA, MALTA, ITALIA** ou **PORTUGAL.**

Período das prácticas: Mediados de setembro a mediados de decembro de 2023.

INSCRICIÓNS

Prazo de inscrición: Do 17 de abril ao 8 de maio de 2023.
15 días hábiles a contar desde o seguinte da súa publicación das bases no BOP da Coruña.

Inscrición: "on line" na web municipal **www.coruna.gal/educacion** a través da ficha específica Bolsas Acoreuropa XI e achegando a documentación requerida por rexistro.

MÁIS INFORMACIÓN

No Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (T: 981 184 200, ext. 22041e ext 12114), na web **www.coruna.gal/educacion**, no correo electrónico **educacion@coruna.gal** e nos centros educativos adscritos ao programa.

Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña | CORUÑA EDUCACIÓN | coruna.es

Deputación DA CORUÑA

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE UNIVERSIDADES | sepie

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

BOLSAS EUROPA FP - PROXECTO ACOREUROPA IX

Que requisitos son necesarios?

Ter finalizados os estudos de ciclo superior de FP ou cursos de especialización nos centros adscritos ao programa Acoreuropa XI e ter superada a FCT e o proxecto de ciclo entre decembro 2022 e xuño de 2023.

Ter a pauta de vacinación contra o Covid -19 correspondente a idade das persoas candidatas.

Cales son os 10 centros adscritos ao programa Acoreuropa XI?

CIFP Anxel Casal, CIFP Imaxe e Son, CIFP Paseo das Pontes, CIFP Someso, IES A Sardiñeira, IES Eusebio da Guarda, IES Fernando Wirtz, IES Ramón Menéndez Pidal, IES Rosalía Mera e IES Urbano Lugrís.

Onde se realizarán as prácticas?

- 2 bolsas en inglés en Malta (Gzira)
- 2 bolsas en inglés na República Checa (Praga)
- 3 bolsas en inglés ou en alemán Austria (Viena)
- 2 bolsas en italiano en Italia (Padua)
- 2 bolsas en portugués en Portugal (Lisboa)

No entanto, o Concello poderá variar a súa distribución en función da competencia lingüística das persoas seleccionadas e da existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico nos destinos solicitados.

Que cubren as bolsas?

- Viaxes e desprazamentos de ida e volta desde A Coruña ata a poboación de destino.
- Aloxamento na poboación de destino durante o período da estadía.
- Axuda económica para financiar a manutención durante a estadía.
- Seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil.
- Contrato de formación non laboral por unha do país de destino durante un período de 90 días.
- Titorización da estadía e das prácticas formativas por persoal especializado da empresa e da organización intermediaria no país de destino.
- Preparación lingüística, con acceso a un curso “on line” no idioma do países de destino, a través da plataforma “OLS” da EU.
- Realización de dúas jornadas de preparación específica antes da estadía.

Onde e como me podo inscribir?

Inscrición en liña na web municipal **www.coruna.gal/educacion** a través da ficha específica do programa Bolsas Europa FP-Proxecto Acoreuropa XI.

E presentar por rexistro, presencialmente ou por rexistro electrónico https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter#l322, a seguinte documentación, da que existen modelos publicados na dita web municipal:

- Instancia de solicitude, dirixida ao Servizo M. de Educación.
- Xustificante da solicitude en liña, asinada.
- Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte.
- Fotografía recente tamaño carné.
- Se for o caso, certificación/s do/s título/s oficiais de idioma/s acadado/s.
- Declaración responsable de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello da Coruña.
- Se for o caso, fotocopia do documento de demandante de emprego.

Cales son os criterios de selección?

Segundo as bases publicadas na web municipal e no BOP:

- A cualificación media final no ciclo formativo, até 10 puntos.
- A cualificación dos idiomas estranxeiros, de acordo ao nivel de lingua estranxeira adquirido no Marco Común Europeo dasLinguas, até 11 puntos.
- A valoración do informe da titoría do centro onde a persoa solicitante realizase os seus estudos, até 5 puntos.

Onde podo obter máis información?

Na web **www.coruna.gal/educacion**, no Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (T: 981 184 297 e 981 184 200 ext. 12114 e correo electrónico **educacion@coruna.gal**), nas bases publicadas e nos centros educativos adscritos ao programa.

Quen promove o programa?

O Concello da Coruña, a Deputación Provincial da Coruña e o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) do Ministerio de Universidades, en colaboración coa Unión Europea.